



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

**PREGOS PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ NA
CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO DO
SUBMINISTRO DE
“COLECTORES PARA RECOLLIDA LATERAL DE R.S.U.”**

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego ten por obxecto a contratación do subministro de colectores de carga lateral de polietileno rotomodeado de 2.200 l, admitindo capacidades superiores, de ata 2.400 l de capacidade nominal, normalizados para a recollida con vehículos de carga lateral, segundo UNE 12574, para a recollida de residuos sólidos urbanos no concello de A Estrada.

2. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO PRODUTO A SUBMINISTRAR

O colector estará certificado no cumprimento da norma UNE 12574-1/2/3, por un organismo de control autorizado.

O corpo do colector estará construído en polietileno, mediante un proceso de rotomoldeo, e estará formado por dúas pezas, cuba monoparede, e cinturón reforzado, de dobre parede, que ira recheo no seu interior de poliuretano. O espesor mínimo de polietileno de cada parede será de mínimo de 5 mm, tento en cuba coma en cinturón.

O colector carecerá de nervios de reforzo visibles exteriormente, e presentará formas redondeadas, sen cantos vivos, excepto nos elementos de elevación e baleirado.

Non se admitiran reforzos metálicos na parte superior do corpo do colector, para evitar deformación e ondulacións no corpo que son característicos de este tipo de construción.

A fin de reducir o impacto visual, a altura máxima do colector estará limitada a 1720 mm.

O colector será obrigatoriamente do tipo con tapas asimétricas, unha de gran tamaño no lado do camiión, destinada ao baleirado, e outra de menor tamaño, por onde o usuario depositará o residuo.

As tapas serán tamén de polietileno, sendo a de baleirado de rotomoldeo de dobre parede, para maior resistencia.

A fin de reducir as pezas móbiles, e por tanto susceptibles de desgaste ou rotura, e por tanto de aumentar a vida útil do colector, ademais non terán pórtico móbil, nin por tanto muelles de xiro de este ou resortes helicoidais, o soporte das tapas haberá de manter a súa posición respecto ao corpo durante a manobra de baleiro.

A tapa de baleirado permanecerá bloqueada cando o colector este na rúa; por seguridade, o bloqueo realizarase un peche gravítico, no lateral da tapa. Ditos peches abrirase de forma automática na manobra de baleirado, ca inclinación que xera dita manobra.

A tapa de baleirado, ofrecerá unha apertura mínima de 1000 mm, respecto ao borde do corpo, a fin de garantir o correcto baleirado dos residuos, na manobra da recollida.

O colector contará cun travesaño superior, que unirá ambos laterais do corpo, e que, ademais de ser un reforzo estrutural, conformará o eixo, estático sobre o que xiran ambas tapas.

Os colectores contarán con apertura mediante pedal, regulables en altura, e tamén mediante asa manual situada sobre a tapa. A tapa levará amortiguación de goma para evitar cortes en caso de caída accidental, tirantes que limiten a apertura e puntais amortiguadores que faciliten a apertura e peche

O colector contará con apertura manual da tapa, que se pechara suavemente. Dita tapa permitirá unha apertura mínima respecto ao corpo do colector de 450 mm, a fin de que se poida introducir unha bolsa de vasoira.

A apertura da tapa do usuario será tal que na manobra de apertura, non sobresaia máis de 25 mm da parte exterior do corpo.

A altura á que o usuario terá que introducir o residuo deberá permitir un acceso idóneo, estando a unha altura cómoda para chegar cas bolsas sen dificultade, sendo de un máximo de 1270 mm.

O colector contará con sistema que oculten totalmente o cable de accionamento de apertura, os amortiguadores das tapas e os eixos das tapas.

O colector contará cun sistema de apoio consistente en catro patas de poliamida con rolos de deslizamento.

O colector contará cun dobre acabado, por un lado un acabado texturizado de alta calidade e un acabado antiadherente teflonado del molde, tanto exterior como no interior.

O deseño das tapas será tal que impida a entrada de auga no interior do colector.

Os colectores contarán cun tapón de drenaxe no fondo da cuba.

Todos os ferraxes e pezas metálicas serán como mínimo de aceiro galvanizado, garantindo a súa resistencia contra corrosión.

O colector terá rotulación na que se identificará: pictograma e explicación de residuos a introducir e logotipo do concello da Estrada e da Excelentísima Deputación de Pontevedra.

O cor dos colectores será verde na súa totalidade ou gris antracita no corpo e tapa verde, a decisión do concello de A Estrada.

Cada colector contará con adhesivos reflectores nas catro esquinas, integrados na estética do colector, e con adhesivo de prohibido aparcar, nun rebaixe no corpo, do mesmo xeito que o do residuo.

3. **NORMATIVA E SEGURIDADE**

- Fabricado conforme á norma UNE-EN 12574-1/2/3 (deseño, ensaios de produto e seguridade)
- Colectores homologados e certificados
- Accesibilidade segundo norma UNE 1700-1
- Mercado CE

4. **REQUIRIMENTOS DOCUMENTAIS**

Na oferta para presentar polos licitadores achegarse unha memoria técnica que faga referencia ás especificacións que se detallan nos apartados anteriores, con tanta documentación gráfica sexa necesaria, indicando como mínimo as seguintes características técnicas:

- ✓ Memoria que describa detalladamente, con tanta documentación gráfica se necesaria , as especificacións técnicas do subministro conforme ás características detalladas no presente prego.
- ✓ Sistema construtivo e de fabricación, con materiais de construción, espesores, calidades, acabados, etc.
- ✓ Sistema ou método para evitar a corrosión en elementos metálicos.
- ✓ Peso do colector en baleiro. Peso máximo admisible por criterios de resistencia mecánica, e capacidade real interior certificados por organismo de control acreditado
- ✓ Proposta de rotulación do colector.
- ✓ Poderá solicitarse aos licitadores o subministro de un colector ofertado, ao obxecto de verificar as características do mesmo e comprobar a compatibilidade coa equipos de recollida existentes.

5. MONTAXE DOS COLECTORES

Posto que os colectores entréganse despezados e requiren un montaxe posterior, o concello facilitará un espazo suficiente para o montaxe dentro do termino municipal de A Estrada.

O adxudicatario será responsable de manter co debido orde e limpeza o espazo en todo momento.

O concello decidirá o lugar de entrega e posterior montaxe dos envíos

O adxudicatario será o responsable da carga e recepción dos materiais. Para a descarga haberá de prever do aluguer de unha carretilla elevadora de ser necesaria.

6. PREZO DO CONTRATO

As ofertas presentarán prezos unitarios dos contedores de 705,23 €, máis o 21% de IVE, ata alcanzar o importe do presente contrato que é de 105.785,12 €, máis o 21 % de IVE o que fai un importe total de 128.00,00 €.

7. OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

Será por conta do adxudicatario:

- O desprazamento dos colectores obxecto do contrato ata o concello de A Estrada
- Os subministrados dos produtos totalmente rematados, montados e instalados nos puntos indicados polo concello de A Estrada
- Persoa responsable do subministro que faga de interlocutor ca administración

8. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de entrega do subministro será de 1 mes, iniciándose o seu computo dende o día seguinte da formalización do contrato.

9. PRAZO DE GARANTIA, REPARACIÓNS E MATERIAIS

Os colectores subministraranse con un prazo de garantía mínimo de dous anos contra todo tipo de defectos ou deformacións polo uso habitual dos mesmos.

Dentro de este prazo, o adxudicatario asumirá integramente a responsabilidade do funcionamento de todos os compoñentes do colector aínda cando no sexa o seu fabricante.

Durante o período de garantía o adxudicatario substituíra, comprenden os gastos de man de obra e materiais, nun tempo mínimo, as anomalías recoñecidas coma defectuosas por vicio do proxecto, de construción ou de material.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos o concello de A Estrada terá dereito a reclamar ao adxudicatario a reposición dos bens inadecuados, ou á reparación dos mesmos se fora suficiente a xuízo do concello de A Estrada procedendo no caso contrario á incautación do importe do correspondente aval depositado

O adxudicatario comprometeses a facilitar, sen cargo adicional algún, os medios de asistencia técnica necesaria para a correcta explotación dos colectores durante un mínimo de 10 anos

O servizo de asistencia técnica da marca resolverá cantos problemas técnicos lle plante o concello de A Estrada en relación do a óptima explotación dos colectores e, en particular atendendo a toda clase de consultas sobre prevención e reparacións de avarias.

A firma subministradora verase obrigada a manter durante os 10 anos os repostos necesarios para a súa reposición nos modelos ofertados.

O adxudicatario comprometese, en caso de ser requirido polo concello de A Estrada a formar durante o tempo necesario, con persoal técnico cualificado ao persoal de mantemento que designe o concello

A formación realizarase nas instalación do concello, e os gastos da formación e estancia dos técnicos encargados de impartir a formación, correran en todo caso por conta do adxudicatario.

10. RECEPCION DOS COLECTORES

A recepción definitiva dos colectores farase cando esteen perfectamente montados, sinalizados e instalados na vía pública.

O Concelleiro Delegado de Merdio Rural